

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0PU	<i>Expediente</i> CON/96/2012	<i>Fecha</i> 31-10-12 08:47

INFORME RELATIVO ÁS CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DA INSTALACIÓN, XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DE PISTA DE PATINAXE SOBRE XEO NA ALAMEDA. NADAL 2012/2013

Obxecto:

Instalación, xestión e explotación dunha pista de patinaxe sobre xeo e as súas instalacións complementarias no Paseo Central da Alameda de Santiago de Compostela. Para proceder a avaliación de todos os aspectos deberá presentarse documentación completa gráfica e escrita, incluídos planos, sobre as características da pista, os seus elementos auxiliares e calquera elemento que se pretenda colocar.

O contratista asumirá as seguintes condicións e requirimentos técnicos:

1. A pista será de xeo artificial, quedando excluídas as pistas de plástico. Terá unha dimensión mínima de 500 metros cadrados. Estará dotada de valla perimetral e carpa, ambas dúas transparentes. Ésta última deberá ser de aluminio e PVC transparente.
2. O posible sistema de conxelación non poderá incluír tubarías de caucho etileno propileno dieno (EPDM).
3. Divisores ou distribuidores interiores (paneis, carpas, mostradores, estanterías, bancos, percheiros, vallas...) para a separación de zonas específicas (taquilla, entrega e retirada de patines, roupeiro, colocación de patines, asistencia médica...) e a delimitación de espazos de uso para os participantes e de zonas de uso exclusivo para os organizadores, garantindo a seguridade e estética do acabado do montaxe.
4. Chan de goma para as zonas de colocación de patines e de acceso á pista.
5. Equipo de son para amenizar permanentemente as sesións de patinaxe e equipo de iluminación necesario.
6. O adxudicatario deberá aportar para a prestación do servizo:
 - Recursos necesarios para o montaxe, mantemento e desmontaxe da pista de xeo en condicións óptimas de seguridade e de eficiencia nos consumos enerxéticos.
 - Os patines para o seu aluguer por parte dos usuarios, respectando polo menos a proporción 0,5 pares por metro cadrado de pista.
 - Persoal: Unha persoa como mínimo distribuído coas seguintes responsabilidades durante o horario de apertura ao público: Responsable do servizo; taquilla; e control de accesos, atención ao público, acondicionamento da pista. Estableceranse reforzos para o período vacacional e fines de semana.
7. Asistencia sanitaria permanente.
8. Guantes para a súa venda aos usuarios que veñan desprovistos desta prenda de uso obrigatorio para poder acceder á pista, circunstancia que, obrigatoriamente, deberá figurar na publicidade da pista de xeo.
9. A pista deberá reunir as condicións adecuadas de seguridade, sendo o adxudicatario o responsable de calquera accidente por anomalía da montaxe ou condicións da pista, así como dos desperfectos que o desenvolvemento da actividade poida causar no recinto.
10. O adxudicatario deberá subscribir o seguro de responsabilidade civil e danos que o Concello considere suficiente para cubrir as posibles incidencias que o desenvolvemento da actividade poida orixinar tanto aos usuarios como ao recinto.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0PU	<i>Expediente</i> CON/96/2012	<i>Fecha</i> 31-10-12 08:47

11. Serán por conta do contratista os gastos necesarios para o exercicio da actividade, incluídos gastos de seguridade, electricidade e limpeza. Os dereitos de autor que poidan devengarse pola actividade serán asumidos por conta do contratista.
12. Os horarios de apertura ao público respectarán os seguintes límites mínimos:

Vacacións de Nadal (período aproximado do 22 de decembro ao 8 de xaneiro) en horario de mañá e tarde. De 11 h a 14 h e de 16.30 h a 22 h todos os días da semana.

Resto dos días do período de funcionamento:

De lun a xoves: de 17 h a 21 h

Venres, sábado e domingo: de 11 h a 14 h e de 16.30 h a 22 h

15. Establécese un prezo máximo de entrada de 10 euros.

16. A publicidade para dar a coñecer a actividade correrá por conta do adxudicatario, debendo contar coa conformidade do Concello no referente ao deseño y en especial ao uso da imaxe municipal.

17. Con periodicidade semanal, o adxudicatario deberá entregar ao Concello datos relativos ao uso da pista, entre los que al menos deben figurar, desagregados por sesións (mañá ou tarde) e días: a. Número de entradas vendidas. B. Número de participantes en modalidade de grupos. c.

18. O contratista obrígase ao cumprimento estrito de cantas disposicións en vigor, ou ditadas durante a vixencia do contrato, regulan o exercicio da actividade.

19. O contratista poderá xestionar a venda de espazos patrocinables na valla perimetral e demais zonas que se autoricen.

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2012.



Asdo: Lucía M. Castro López
Técnica responsable comercio